



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil

Materia	Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil			
Código	O05G110V01102			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa			
Profesorado	Martínez Carrera, Sara Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa			
Correo-e	ainohazc@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	O currículo é o eixo sobre o que se desenvolve o labor educativo, tanto nos seus aspectos conceptuais (concepcións, compoñentes, niveis, etc.) coma nos procedimentais (procesos de deseño, posta en práctica, avaliación etc.), por iso se presenta como unha materia fundamental na preparación do futuro docente da educación infantil. Esta materia pertence á materia Organización do espazo escolar, materiais e habilidades docentes. Xunto a outras que serán cursadas neste mesmo curso (Organización do centro escolar) constitúen un bloque formativo que se complementa mutuamente e que está orientado a sentar unhas bases didácticas firmes na formación das futuras Mestras e Mestres de Educación Infantil. É por iso, que o desenvolvemento desta nova materia continuará co proceso global de formación en Didáctica e Currículo.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión

B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
C3	Coñecer os fundamentos de atención temprana.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico
C6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
C9	Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades.
C10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
C11	Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar.
C12	Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.
C13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostenible.
C19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
C20	Valorar a importancia da estabilidade e a regularidad na contorna escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso armónico e integral dos estudantes.
C21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo no aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
C22	Atender as necesidades dos estudantes e transmitir seguridade, tranquilidade e afecto.
C23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e a mellóraa en educación infantil.
C24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
C25	Abordar análise de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
C26	Saber analizar os datos obtidos, comprender críticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
C27	Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.
C28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
C29	Valorar a importancia do traballo en equipo
C30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e en colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
C31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
C32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
C33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes .
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C59	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma.
C60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
C62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.
C63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
C64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro

C65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
C67	Estas competencias, xunto coas propias do resto de materias, quedarán reflectidas no Traballo fin de Grado que compendia a formación adquirida ao longo de todos os ensinos descritos.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Analizar e comprender os diferentes momentos históricos da educación infantil	A3	B12	C1	D1
			C13	D3
			C26	D5
			C27	D6
			C28	D8
			C29	D9
				D10
				D13
				D14
				D15

2. Coñecer e analizar as diferentes teorías e modelos curriculares e cuestionar criticamente as diversas tendencias e propostas da administración educativa e outras instancias.	A1	B1	C1	D1		
	A2	B2	C3	D2		
	A3	B3	C4	D3		
	A4	B4	C5	D4		
	A5	B5	C6	D5		
		B6	C8	D6		
		B7	C9	D7		
		B8	C10	D8		
		B9	C11	D9		
		B10	C12	D10		
		B11	C13	D11		
		B12	C19	D12		
		C20	D13			
		C21	D14			
		C22	D15			
		C23	D16			
		C24	D17			
		C25	D18			
		C26	D19			
		C27	D20			
		C28	D21			
		C29	D22			
		C30				
		C31				
		C32				
		C33				
		C55				
		C59				
		C60				
		C61				
		C62				
		C63				
		C64				
		C65				
		C66				
		C67				
3. Coñecer os diferentes niveis de concreción curricular.	A1		C24	D1		
	A3		C25	D2		
	A4		C26	D3		
			C27	D4		
				D5		
				D6		
				D7		
				D8		
				D10		
				D13		
				D15		
	4. Seleccionar, desenvolver e avaliar un curriculum de Educación Infantil por proxectos no que se demostre dominio dos elementos do curriculum e das competencias en Educación Infantil.	A1	B1	C1	D2	
		A2	B3	C31	D6	
		Preparar, seleccionar ou construír materiais didácticos para o devandito proxecto, atendendo aos principios teóricos básicos da globalización e á súa aplicación á etapa de Educación Infantil.	A3	B9	C32	D8
				B10	C33	D9
			B11	C55	D12	
			B12	C59	D13	
				C60		
5. Coñecer a evolución do rol do profesor de educación infantil e reflexionar sobre o profesor ideal, o seu nivel competencial e de formación.	A3	B9	C11	D2		
		B12	C12	D3		
			C13	D5		
			C21	D8		
				D13		
				D14		
			D15			

### Contidos

#### Tema

1. A educación infantil desde os seus inicios á actualidade	Historia da infancia e historia e perspectiva actual da educación infantil. As axendas pendentes.
---	---

2. Teorías e modelos curriculares	Concepto de currículo Tipos de currículo Funcións do currículo O curriculum oficial e os curricula institucionais. Principais modelos de ensino e de curriculum de aplicación á educación infantil. Deseño curricular. Deseño de proxectos curriculares.
3. Niveis de concreción curricular	Primeiro nivel de concreción Segundo nivel de concreción Terceiro nivel de concreción
4. O currículo de Educación Infantil	Características do currículo de Educación Infantil
5. Compoñentes didácticos do proceso de ensinanza-aprendizaxe en Educación Infantil	Os obxectivos e as competencias Selección e secuenciación de contidos Métodos, principios e estratexias didácticas Tarefas de ensinanza e organización de procesos de ensinanza-aprendizaxe Construcción e análise de recursos e materiais didácticos A avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe
6. A programación na aula de Infantil	Programación por competencias e proxectos
7. O profesor de educación Infantil	Competencias e roles. Formación continuada e a o longo da vida

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	30	45
Traballo tutelado	7	15	22
Seminario	7	0	7
Obradoiro	8	10	18
Aprendizaxe-servizo	7	11	18
Presentación	6	17	23
Exame de preguntas obxectivas	2	15	17

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte dos profesores dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión dos profesores. Pode estar vinculado ao seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante e en ocasións poderán ser realizadas colaborativamente con alumnos e profesores doutras facultades e universidades.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Obradoiro	Actividades enfocadas á adquisición de coñecementos e habilidades manipulativas e instrumentais sobre unha temática concreta, con asistencia específica por parte do profesor ás actividades individuais e/ou en grupo que desenvolven os estudantes.
Aprendizaxe-servizo	A ApS é unha metodoloxía de ensino-aprendizaxe grazas á cal o alumnado pon en práctica coñecementos, desenvolve habilidades e actitudes mediante un servizo á comunidade. Combina dous elementos: aprendizaxe a través da experiencia e o servizo á comunidade. A participación neste proxecto será voluntaria. Formará parte da avaliación da materia para os alumnos que desexen participar.
Presentación	Presentacións/exposicións do traballo titorizado realizado en grupo sobre as diferentes temáticas traballadas na aula.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante. Esta atención personalizada ó alumnado tamen se realizará a través de: -Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. - Titorizacións vía correo electrónico: para atender a incertidume e dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. - Teleformación coa plataforma Fatic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.

Seminario	Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante. Esta atención personalizada ó alumnado tamen se realizará a través de: -Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. - Titorizacións vía correo electrónico: para atender a incertidume e dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. - Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Presentación	Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante. Esta atención personalizada ó alumnado tamen se realizará a través de: -Titorización presencial: No despacho do profesorado ou por teléfono en horario de titorías. - Titorizacións vía correo electrónico: para atender a incertidume e dúbidas urxentes sobre a realización dos traballos, actividades, exames, etc. - Teleformación coa plataforma Faitic: para comunicados/avisos, entrega de documentos/materiais, envío de actividades/exercicios, etc.
Aprendizaxe-servizo	Atenderanse as demandas puntuais que presente o alumnado de forma personalizada ou grupal. Ofreceranse as directrices e supervisión oportuna para o desenvolvemento da aprendizaxe, vinculando coa actividade autónoma do estudante.

## Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado Neste apartado tomaranse en consideración a participación nas actividades de clase. Resultado de aprendizaxe: coñecer e analizar as diferentes teorías e modelos curriculares e cuestionar criticamente as diversas tendencias e propostas da administración educativa e outras instancias.	40	A1 B1 C1 D1 A2 B2 C3 D2 A3 B3 C4 D3 A4 B4 C5 D4 A5 B5 C6 D5 B6 C8 D6 B7 C9 D7 B8 C10 D8 B9 C11 D9 B10 C12 D10 B11 C13 D11 B12 C19 D12 C20 D13 C21 D14 C22 D15 C23 D16 C24 D17 C25 D18 C26 D19 C27 D20 C28 D21 C29 D22 C30 C31 C32 C33 C55 C59 C60 C61 C62 C63 C64 C65 C66 C67

Presentación	Neste apartado tomaranse en consideración a presentación e exposición dos traballos ou informes, individuais ou en grupo, que se vaian realizando ao longo do curso baixo supervisión da profesora. Resultado de aprendizaxe: seleccionar, desenvolver e avaliar un curriculum de Educación Infantil por proxectos no que se demostre dominio dos elementos do curriculum e das competencias en Educación Infantil. Preparar, seleccionar ou construír materiais didácticos para o devandito proxecto, atendendo aos principios teóricos básicos da globalización e á súa aplicación ás etapas de Educación Infantil.	10	A1 A2 A3 A4	B1 B2 B11 B12	C1 C4 C8 C13 C21 C29	D1 D2 D3 D5 D6 D8 D9 D11 D14 D15 D17 D21 D22
Exame de preguntas obxectivas	Neste apartado tomaranse en consideración os resultados na proba de tipo test e/ou de resposta breve que se realizará ao final de cuadrimestre. Resultado de aprendizaxe: analizar e comprender os diferentes modelos e concepcións do currículo de Educación Infantil.	50	A3	B12	C1 C13 C26 C27 C28 C29	D1 D3 D5 D6 D8 D9 D10 D13 D14 D15

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Para pasar satisfactoriamente a materia recoméndase asistir ás clases. A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas en cada unha das partes, debendo obterse a puntuación mínima de 5 para aprobar a materia. Asimesmo, é requisito ter aprobada a proba ou exame (2.5 sobre 5) para poder sumar as puntuacións do resto das probas e actividades obxecto de avaliación.

O formato do exame será concretado polos profesores durante a primeira semana de clase.

É probable que se programe algunha actividade en coordinación con outras materias, de xeito tal que a súa avaliación será realizada polos profesores correspondentes. De ser así, comunicarse ao alumnado no primeiro mes de clase.

Aquel alumnado que por circunstancias xustificadas non poida asistir regularmente ás clases deberá comunicarllo ao profesorado durante o primeiro mes de clases. A avaliación a adoptar con este será a realización dunha proba teórica dos contidos da materia (70%) e dun traballo práctico tutelado (30%).

As competencias non adquiridas na convocatoria de xaneiro (1º periodo) poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo. Neste caso, manterase a nota das probas/actividades xa superadas ata esta segunda convocatoria.

Este documento é unha declaración de intencións sobre o traballo do alumnado na materia, polo que a información aquí contida ten carácter orientativo e pode sufrir lixeiras modificacións derivadas do consenso co grupo clase ou circunstancias imprevistas.

As datas e lugar de celebración do exame poden consultarse na páxina web da Facultade (apartado *datas exames*).

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Zabalza, M., **Didáctica de la Educación Infantil**, Narcea,

Antón, M., **Planificar la etapa 0-6.**, Graó,

Borghi, Q., **Educación en el 0-3**, Graó,

#### Bibliografía Complementaria

Willis, A. & Ricciuti, H., **Orientaciones para la escuela infantil de cero a dos años**, Morata,

Majem, T. y Odena, J., **Descubrir jugando**, Octaedro,

Goldschmied, E. y Jackson, S., **La Educación Infantil de 0 a 3 años.**, Morata,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Educación: Organización do centro escolar/O05G110V01203

Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade/O05G110V01302

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### **Outros comentarios**

A proposta docente que se presenta pretende habituar aos estudantes ao manexo correcto do vocabulario e os conceptos propios do ámbito curricular. Non se trata, polo tanto, de memorizar definicións, nomes e datas senón de comprender con claridade o significado dos termos e nocións que servirán de material de traballo nesta e noutras materias do bloque. Vivir a educación é moito máis que saber empregar unhas ferramentas técnicas. Os nenos e nenas pequenos precisan de mestres e mestras que saiban traballar cun estilo comprometido e alegre capaz de xerar neles ilusión por aprender cousas novas; que saiban irles abrindo camiños novos no seu desenvolvemento. É por iso que daremos moita importancia, a través da escritura, á forma en que cada estudante vive e sente o mundo da infancia. As clases desta materia contarán co apoio dos materiais que estarán disposición do alumnado na plataforma de teleformación TEMA.

---

### **Plan de Continxencias**

---

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo no que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.



Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual. Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.

---